



IES SANTIAGO BASANTA SILVA

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbasantasilva/>

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Que é a ESO?


A ESO (Educación Secundaria Obligatoria) é unha nova etapa educativa a continuación da Educación Primaria, que se cursa dende os 12 ós 16 anos. Estrutúrase en dous ciclos: o **primeiro ciclo** consta de tres cursos (1º, 2º e 3º), e o **segundo ciclo** consta dun só curso, 4º de ESO.

1º ciclo:
 1º de ESO: cúrsase con 12 ou 13 anos
 2º de ESO: cúrsase con 13 ou 14 anos
 3º de ESO: cúrsase con 14 ou 15 anos

2º ciclo:
 4º de ESO: cúrsase con 15 ou 16 anos

As finalidades desta etapa educativa son:

1. Adquirir unha cultura básica.
2. Formarse como cidadáns, cos seus dereitos e obrigas.
3. Desenvolver hábitos de estudo e de traballo.
4. Prepararase para incorporarse a estudos posteriores



2. As materias que se estudan en 1º : LOMLOE

MATERIAS 1º ESO (LOMLOE)	HORAS
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4
1º LINGUA ESTRANXEIRA	3
MATEMÁTICAS	4
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
EDUCACIÓN FÍSICA	3
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3
2º LINGUA ESTRANXEIRA	2
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	2
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3
ELEXIR UNHA	
RELIXIÓN	1
PROXECTO COMPETENCIAL	
TITORÍA	1
TOTAIS	32

3. Tutoría:

Cada grupo na Educación Secundaria Obrigatoria ten asignado un profesor titor/a que ten as seguintes funcións:

- Coordinar a avaliación e o proceso de aprendizaxe do alumno.
- Servir de canle de comunicación entre os alumnos e os demais membros da comunidade educativa.
- Orientar aos alumnos nas opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses.
- Informar ás familias do desenvolvemento do alumno no centro.



O profesor titor/a ten unha hora de reunión semanal co seu grupo de alumnos para realizar un seguimento da clase. Tamén se dedicará esa hora semanal a realizar actividades de tutoría

relacionadas con valores, técnicas de estudo, orientación académica, etc..

O titor/a tamén ten asignada unha hora semana para reunirse cos pais/nais.

Dependendo do curso, realízanse unha serie de programas e actividades propostas polo Departamento de Orientación:

- Técnicas de estudo
- Habilidades sociais
- Convivencia
- Orientación vocacional

O teu titor/a será unha figura moi importante ao longo da ESO, e aínda que cambiará en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cada que precises algún tipo de axuda ou información. Ó chegar ó Instituto, o teu **titor ou titora** axudarache a resolver todas as dúbidas que teñas, e será o teu guía para integrarte e adaptarte ao novo centro.

4. Avaliación e Promoción:

Consiste en valorar se os alumnos acadan os obxectivos e competencias educativas establecidos nas diferentes materias. Esta valoración (que se reflexa nas notas) realízase trimestralmente polos profesores do grupo, coordinados polo titor. Os resultados que se fan constar no Libro de Escolaridade son os de final de Curso.

A valoración exprésase igual que en primaria, mediante estas cualificacións numéricas:

Sobresáinte: 9 ou 10

Notable: 7 ou 8

Ben: 6

Suficiente: 5

Insuficiente: 4, 3, 2, 1

As materias pendentes de cursos anteriores contan tamén para a promoción.

Na ESO só se pode repetir unha vez cada curso académico, e un total de dúas veces en toda a educación básica.

A rematar 2º curso de ESO E 4º ESO cada alumno/a recibirá un **Consello Orientador** do equipo de profesores con recomendación sobre o itinerario a seguir no curso seguinte.

Avaliación inicial:

Nas primeiras dúas semanas de clase, en todos os cursos de ESO, realizaranse actividades de avaliación inicial en todas as materias, co fin de coñecer os niveis de partida do alumnado. O fin desta avaliación é adaptar as materias ás necesidades dos alumnos. Non é preciso preparar nada, tan só participar con interese e ilusión por comezar un novo curso.

Medidas de atención á diversidade:

Ao longo de cada curso de ESO o instituto organizará diferentes medidas de atención á diversidade para axudar aos alumnos no caso de que presenten dificultades de aprendizaxe, sempre que demostren interese por aprender e superarse. Estas medidas poden ser:

Adaptacións curriculares das materias.	Programas de diversificación curricular.
Reforzo educativo.	
Plan de reforzo das materias pendentes.	Apoio por parte da profesora de apoio.
Plan específico para alumnado que non promociona de curso.	Programa de Adquisición De Linguas (alumnado procedente do estranxeiro).

ESO

1. Ao abeiro do establecido no Artigo 8, punto 2, da citada orde, o claustro de profesores do IES Santiago Basanta Silva concretou ditos criterios como procede a continuación, e foron ampliados segundo o Decreto 156/2022

CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA PASAR CON MÁIS DE 2 SUSPENSAS: *o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes*

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

*c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación, aplicándoselle as medidas educativas precisas recollidas no **Plan de Atención á Diversidade e na Orde do 8 de setembro de 2021.***

d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

e) Que puideran ter afectado ao seu desenvolvemento académico circunstancias persoais, tanto individuais como familiares, debidamente xustificadas e documentadas.

Titulación:

CRITERIOS DE TITULACIÓN PARA A ESO: *o equipo docente poderá decidir a titulación dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:*

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

A decisión do equipo docente tomarase mediante consenso, e, se non o hai, mediante votación, estando todo o profesorado obrigado a votar. Se un/unha profesor/a imparte máis dunha materia terá tantos votos como materias imparte, e valerá a maioría simple, é dicir, máis votos a favor que en contra. En caso de empate decidirá o voto da persoa titora do grupo.

. Este título permite o acceso ós seguintes estudos:

- **Bacharelato (2 cursos)**
- **Formación profesional de grao medio**
- **Ensinanzas artísticas, e deportivas.**

12. Recomendacións para ter éxito na ESO:

A ESO é unha etapa máis, e como todos os estudos ten a súa dificultade se non te organizas ben. Podes ter en conta estas recomendacións que che axudarán a ter éxito desde o comezo:



1º Utiliza a túa axenda: Mellor anotar todo (tarefas, datas, dúbidas, ...) nunha axenda que nunha simple libreta. A axenda deberá acompañarte sempre e debes ter a axenda dispoñible na mesa de clase e na mesa de estudo da túa casa.

2º Organiza o tempo de estudo na casa: Desde o primeiro día de clase elabora un horario de estudo, reserva tempo non só para facer os deberes senón tamén para repasar, adiantar traballos, lectura de libros. Ten en conta as outras actividades extraescolares que realizas para que o horario sexa realista. Este horario tamén debe ser flexible, debes revisalo todas as semanas e modifícalo se fai falta.

3º Estuda un pouco cada día: A dedicación diaria e tranquila aos estudos é a mellor medida para ter éxito. Repasa o que se deu na clase ese día. Todas as semanas convén adicarlle un par de sesións de estudo a cada materia. Unha sesión de estudo na casa poder durar 45 minutos, así que podes estudar unha ou dúas materia cada día. Recomendámosche como mínimo unha hora e media cada día, cinco días á semana.

4º Atende na clase e leva os apuntes ó día: Aproveita o tempo na clase, estate atento ás explicacións do profesor/a, mantente activo/a, pregunta, pide axuda ao profesorado ou aos compañeiros. Cando estudes unha materia procura lembrar o que se explicou na clase.

5º Prepara os exames con antelación: En secundaria non terás exames con moita frecuencia, xa que se celebran fundamentalmente en decembro, marzo e xuño. Os exames normalmente concéntranse en dúas semanas que coinciden antes das vacacións (Nadal, Semana Santa e Verán), así que nesas dúas semanas podes ter máis dun exame nun mesmo día. Se o deixas para o final terás moita materia acumulada e non che dará tempo estudala. Estuda a diario como se tiveras un exame de cada materia cada semana, así estarás sempre preparado/a e relaxado/a.

6º Realiza un estudo activo: Estudar pode resultar aburrido se te adicas solamente a ler ou memorizar. Aplica diferentes técnicas para manterte activo/a e concentrado/a. Lembra este método:

1. Pre - Lectura ou lectura rápida.
2. Lectura lenta, comprensiva.
3. Suliñado.
4. Esquema.
5. Memorización do esquema.
6. Repaso.

PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

NOTA INFORMATIVA SOBRE O NOVO PROTOCOLO DE ABSENTISMO.

O protocolo establece a seguintes normas que son de obrigado cumprimento para os centros de educación de Primaria e Secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este protocolo establece:

1. A obriga dos centros educativos de controlar e rexistrar as incidencias que teñan que ver coa asistencia do alumnado aos centros educativos, de informar ás nais, aos pais, ou ás persoas titoras legais ou gardadores do alumnado e, cando proceda, á Inspección Educativa.

2. Considérase absentismo a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10% do horario lectivo mensual.

3. Faltas xustificables (recollida no protocolo e no NOFC- artigo 6):

- a. Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b. Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo graos.
- c. Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d. Indisposicións, podendo ser xustificable ata un máximo de 2 días lectivos polo pai/nai ou titor/a legal.
- e. Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

4. Xustificación

A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesor titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2. Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro e segundo grao.
3. Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presente dificultades para a súa xustificación ou cando se incrementa de forma significativa o número de faltas de asistencia sen xustificar, o profesorado titor convocará á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión da que levantará acta o profesor titor. De persistir a falta de asistencia do alumno/a ao centro sen a debida xustificación e cando esas faltas superen o 10% do horario lectivo dun determinado mes o profesorado titor propondrá, con visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura estudos. E si continua comunícase a Servizos Sociais e a Xefatura Territorial de Educación.

DOCUMENTACIÓN MATRÍCULA

- Impreso de matrícula
- Autodeclaración do comedor
- Rutas de transporte
- Autorización saídas do centro dentro da localidade
- Autorización de reprodución de imaxe.
- Autorización para saír do comedor martes e venres os residentes no pobo.
- Autorización para saír o rematar as clases, actividades extraescolares, paradas de transporte.
- Autorización uso do correo electrónico.

DITA DOCUMENTACIÓN VAI NO SOBRE DE MATRÍCULA, QUE SE LLE ENTREGARÁ NO CEIP DE PRIMARIA AO ALUMNADO. GRAZAS A COLABORACIÓN DOS CENTROS DE PRIMARIA E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN É POSIBLE AXILIZAR DITA XESTIÓN PARA A MATRÍCULA NO IES SANTIAGO BASANTA SILVA

DATAS DE MATRÍCULAS

26 DE XUÑO: CEIP TERRA CHÁ

CEIP AQUILINO IGLESIAS

CEIP XERMADE

CEIP MONSEIVANE

CEIP MURAS

27 DE XUÑO: CEIP MANUEL MATO VIZOSO

28 DE XUÑO: CEIP ANTONIO INSUA BERMÚDEZ

DOCUMENTOS PARA ENTREGAR COA MATRÍCULA

- Informe médico (só en caso de enfermidade).
- Certificado de nacemento ou fotocopia do libro de familia.
- En caso de separación legal dos proxenitores terá que asignarse a matrícula polos dous proxenitores , agás que non teña a patria potestade mediante resolución xudicial.Ou sentenza de violencia de xénero.
- 4 fotos tamaño carnet.(1 pegada no carnet escolar)
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da cartilla do seguro médico.

HORARIO XERAL DO CENTRO

HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8.45-11.15					
11.15-11.45	<i>LE CER</i>				
11.45-14.15					
16.15-17.55					

RESUMO NOFC DO CENTRO

ARTIGO 36 CONDUTA LEVE CONTRARIA A CONVIVENCIA NA AULA		
CONDUTA	Artigo 37 MEDIDA CORRECTORA	RESPONSABLE
a) As faltas inustificadas de asistencia.	a) Reflexión sobre a conduta inadecuada concreta e as súas consecuencias. b) Recoñecemento da inadecuación da súa conduta. c) Realización de actividades de aprendizaxe sen que poidan supoñer un aumento do tempo de permanencia no centro docente. d) Realización dalgunha tarefa relacionada co tipo de conduta inadecuada. e) Apercibimento oral ou escrito, que poderá ser diante dos pais, nais ou titores legais ou da Xefatura de Estudos, si existe reincidencia. f) De non resultar efectiva a corrección aplicando algunha das medidas correctoras anteriores, o profesorado comunicarao ás familias ou representantes legais a través dun informe enviado por correo postal (ANEXO XII) entregando unha copia á titoría ou ABALAR MÓBIL	PROFESORADO NA AULA
b) As faltas inustificadas de puntualidade		
c) Non seguir as indicacións do profesorado en canto a aprendizaxe: ✓ Non prestar atención. ✓ Non realizar as tarefas escolares. ✓ Non traer o material escolar. ✓ Copiar ou facilitar a copia en exames ou probas que sirvan para a cualificación.		
e) Abandonar a clase sen permiso.		
f) Facer xestos, ruidos ou actos improcedentes reiteradamente perturbando o normal desenvolvemento da clase.		
g) Levantarse sen permiso.		
h) Interromper continuamente as explicacións do profesor ou profesora.		
i) Molestar continuamente aos compañeiros/as impedindo que atendan as explicacións do profesor ou profesora.		
k) Non participar, de xeito correcto, nas actividades complementarias ou extraescolares.		
l) Comer ou beber na aula e corredores.		
m) O deterioro das dependencias do centro escolar, de material didáctico ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros da Comunidade Educativa, cando sexa causado por negligencia (descoido)		
n) Vestir prendas que impidan a identificación do alumnado (ocultación de face) ou con mensaxes vexatorias ou discriminatorias cara algún grupo social, ou que inciten ao consumo de substancias perigosas para a saúde, ou á violencia, ou a calquera acto contrario á convivencia.		
o) Utilizar o equipamento da aula , electrónico, mecánico, telefónico, informático ou de calquera outra clase sen autorización.		
ARTIGO 38 CONSIDERACION DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A CONVIVENCIA		
a) A reiteración ata tres veces dentro do mesmo trimestre académico dun mesmo tipo de conduta inadecuada das sinaladas no artigo 36 sempre que foran comunicadas aos pais, nais ou representantes legais.	ARTIGO 39 MEDIDAS CORRECTORAS	PROFESORADO NA AULA TITOR/A XEFE/A DE ESTUDOS
b) Dirixirse a calquera membro da comunidade educativa de maneira insolente e maleducada..	a) Apercibimento persoal e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta ANEXO XXII	
c) Os actos de desobediencia aos órganos unpersonais de goberno do centro ou aos profesores ou profesoras cando valan acompañados de manifestacións de indisciplina ou expresións insultantes, despectivas, desafiantes ou ameazadoras, así como ao resto do persoal do centro docente en exercicio das súas funcións.	b) Apercibimento escrito, e si se considera, sinatura de un contrato de conduta ANEXO XXII. ou envío dun parte de Información á familia ANEXO XII	
d) As expresións de ameaza ou insulto contra os compañeiros ou compañeiras ou contra outros membros da comunidade educativa cando non estean sinalados como conduta que prexudica gravemente a convivencia , así como xestos ou actitudes que poidan interpretarse inequivocamente como intentos ou ameazas de agresión,	c) Apercibimento, no caso de alumnado menor de idade, en presenza da familia ou representantes legais e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta ANEXO XXII	
e) Saída do centro sen autorización.	d) Realización de tarefas escolares en horario lectivo entre 3 e 5 días.	
f) Ensuciar as instalacións.	e) Realización, se procede, de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, ou, no seu caso, á restauración do material deteriorado.	
g) Perturbar a orde nos corredores	n) Retirada dos obxectos contemplados no apartado i) do artigo 38 , que serán depositados en Xefatura para a súa posterior entrega ao alumno/a ao final da xornada lectiva se é a primeira vez ou á familia ou representantes legais, se é reincidencia, nunha comparecencia da que se levantará acta ANEXO XXI	
h) Fumar (Incluídos cigarros electrónicos e usar vapeadores ou calquera obxecto que sexa susceptible de ser usado para a inxestión de substancias non recoñecibles dentro do recinto escolar e no transporte).	ñ) Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos	
i) Uso de móbil, mp3 e similares no centro.	g) Realización de tarefas de servizo á comunidade en período non lectivo, por un prazo máximo de cinco días lectivos, agás períodos vacacionais.	
k) Subtraer e/ou difundir modelos de exames.	h) Suspensión do dereito de asistencia ás clases	
l) Actos que interfiran ou desvirtúen a comunicación entre centro/familias/alumnado..		
m) Os danos causados nas instalacións ou pertenzas do centro docente ou aos membros da Comunidade Educativa cando non constitúan condutas que prexudiquen gravemente a convivencia.		
n) A negativa a identificarse ante calquera membro da Comunidade Educativa.		
ñ) Calquera conduta que implique discriminación por razón de nacemento, idade, raza, sexo, orientación sexual, aptitude psíquica ou física, crenza, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, económica ou social, cando non deba considerarse conduta que prexudique gravemente a convivencia.		
o) Os comportamentos perturbadores da orde no transporte ou no comedor escolar, tanto de carácter individual como		

colectivo, cando non constituían conduta gravemente prexudicial para a convivencia.	dunha ou varias materias por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	} DIRECTOR /A
p) Calquera outra conduta que constituía incumprimento dos deberes do alumnado sempre que interfira dalgunha maneira no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes dos demais membros da Comunidade Educativa e non estea sinalada no artigo 41 como conduta que prexudique gravemente a convivencia no centro docente.	m) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes e traballo que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	
	o) Propoñer a realización dun contrato negociado polas partes implicadas no conflito coa intervención dun mediador ou mediadora (ANEXO V do Plan de Convivencia)	} XEFE/A DE ESTUDOS
	i) Suspensión do dereito á participación en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.	
	l) Cambio de grupo ou de clase por un período de ata unha semana.	

ARTIGO 41. CONDUTAS QUE PREXUDICAN GRAVEMENTE A CONVIVENCIA NO CENTRO

a) A reiteración de calquera tipo de conduta leve contraria á convivencia, sinalada no artigo 38, sempre que foran comunicadas á familia ou representantes legais.	ARTIGO 42	} DIRECTOR/ A
b) Actos de indisciplina, incluída a negativa a cumprir as medidas correctoras impostas, ante os órganos de goberno do centro docente ou o profesorado do centro en exercicio das súas competencias, así coma as expresións que sexan consideradas gravemente inxuriosas ou ofensivas contra os membros da Comunidade Educativa, verbalmente, por escrito ou por medios informáticos ou audiovisuais.	MEDIDAS CORRECTORAS	
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constituían unha indisciplina grave.	a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro por un prazo superior a cinco días lectivos e inferior a 30 días lectivos	
d) O acoso co fin de atentar contra a dignidade da persoa ou de crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.	b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.	
e) Utilización de insultos que impliquen ou expresen discriminación por razóns de nacemento, idade, raza, sexo, orientación sexual, aptitude psíquica ou física, crenzas, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, económica ou social.	c) Cambio de grupo.	
f) Os danos graves causados polo uso indebido ou intencionado nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens dos membros da Comunidade Educativa	d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas, nos que terá que realizar as tarefas que o profesorado determine para evitar a interrupción do proceso formativo, asistindo ás probas ou exames que nese período puidesen ter lugar.	
g) As actuacións prexudiciais para á saúde e integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa, como, entre outras, o consumo de tabaco, alcol e drogas.	e) Suspensión temporal do dereito a asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes, nos que terá que realizar as tarefas que o profesorado determine para evitar a interrupción do proceso formativo, asistindo ás probas ou exames que nese período puidesen ter lugar.	
h) As agresións físicas ou psíquicas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	f) Cambio de centro.	
i) Todas as condutas contrarias á convivencia, se concorren circunstancias de colectividade ou de publicidade intencionada, sexan por procedementos orais, escritos, audiovisuais ou informáticos, así como cando fomen parte dunha situación de maltrato entre iguais.	g) No caso de acoso escolar actuarase consonte ao establecido no TÍTULO III da Lei de convivencia (DOG, 136/2011 do 15 de xullo).	
k) Provocar ou involucrase en altercados ou condutas agresivas que impliquen risco grave de lesións.		
l) As condutas perturbadoras da orde no transporte ou no comedor escolar que poidan crear situacións de risco para calquera membro da Comunidade Educativa		
m) Non respectar o dereito das persoas ao honor, á intimidade e á propia imaxe utilizando medios de gravación e/ou difusión contra a súa vontade ou, no seu caso, contra a vontade da familia ou representantes legais.		
n) Calquera acto cometido conscientemente que constituía delito ou falta penal		
o) A tenencia e uso, dentro do recinto escolar, de obxectos non relacionados coa actividade docente e susceptibles de causar lesións físicas a calquera membro da Comunidade Educativa.		
q) Utilizar o equipamento do centro docente, electrónico, mecánico, telefónico, informático ou de calquera outra clase, para fin distintos dos autorizados e que atenten gravemente á dignidade de calquera membro da comunidade educativa.		
r) Emprego de medios electrónicos para a realización de fotos ou vídeos dentro do recinto escolar e dentro do horario escolar sen autorización e a súa posible difusión por redes sociais.		
s) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos (boletíns de notas, xustificantes de faltas de asistencia, etc.).		



**ESPERÁMOSVOS EN SETEMBRO 2023
NUNHA NOVA ETAPA DO/A VOSO/A
FILLO/A.**